



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE ABRIL DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de abril de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 04 de abril do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **EXPEDIENTE RIB/N/39/11 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

“Visto o escrito de Dona María Isaura Lourdes Dominguez, onde solicita licenza de primeira ocupación para edificio sito na Rúa dos Fornos nº 7.

Visto o informe da arquitecto municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 08 de abril do 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

*“Esta técnico realizou a correspondente visita de comprobación o 18 de decembro de 2007, redactando o Informe de Proposta de Subvención de ARI con data de 19 de decembro, por entender que as obras realizadas axustáronse á Licenza de Obras concedida.*

*Con data de 14 de xaneiro de 2008, a Xunta de Goberno Local aprobou a Proposta de Subvención de ARI, remitindo o Expediente ó IGVS.*

*Por todo elo, informase favorablemente á concesión da Licenza de Primeira Ocupación solicitada.”*

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**Primeiro.-** Conceder Licenza de primeira ocupación a Dona María Isaura Lourdes Dominguez. para edificación sita na Rúa dos Fornos nº 37, travesía de Santiago II

**Segundo.-** Comunicar o presente acordo ao interesado

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion, con data RE 06 de abril de 2011 N° RE 1737, mediante a que se formula reclamación de responsabilidade patrimonial .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda informarlle que en base as averiguacións feitas polos servicios municipais a estrada na que se produciu o accidente non pertence ao concello senón ao Ministerio de Fomento. A estes efectos daselle traslado do informe técnico municipal e do oficio remitido polo propio Ministerio de Fomento en data de 04.07.11 (como consecuencia da solicitude feita pola policía local), no que recoñece que a conservación do bache existente na estrada N-120, PK 595 e da súa competencia, considerando que de conformidade co artigo 6 do Decreto 429/1993 mediante el que se aprueba el Reglamento de los Procedimientos de las Administraciones Públicas en Materia de Responsabilidad Patrimonial, a reclamación deberá efectuarse ante o organo competente, que neste caso e o Ministerio de Fomento

- 2.- Solicitude da empresa Serviterra Enxeñería con data RE 04 de abril de 2011 N° RE 1686, relativa a autorización para a implantación de rutas ciliturísticas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda darlle traslado a oficina técnica aos efectos de emisión de informe sobre posibles cautelas a establecer en relación co patrimonio histórico.

- 3.- Solicitude de Dona Inés Vázquez Veiga e Dona Mercedes Milagrosa Garcia con data RE 30 de marzo de 2011 N° RE 1615 e 1614 relativo a recoñecemento de antigüidade e trienios.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda solicitar a emisión de certificación por parte do departamento de secretaria mentres que sobre o recoñecemento de trienios, xa se lles contestou en data anteriormente que o recoñecemento no seu caso se produciría no ano 2013.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil con data RE 5 de abril de 2011 N° RE 1699, relativo a autorización para a realización de obras.
2. Comunicación da Consellería de Medio Rural con data RE 7 de abril de 2011 N° RE 1759, mediante a que se comunica a finalización da obra Mellora das Infraestructuras viarias no Ribeiro.
3. Comunicación remitida polo letrado do concello mediante a que se da traslado da Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº4 de Ourense, nº45/2011 da SGAE.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, remitindo o departamento de intervención o expediente para o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

4 Comunicación remitida polo letrado do concello mediante a que se da traslado da Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Ourense, nº300/2.2008.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUMINISTRO.-**

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de suministro de materiais de limpeza para o pabellón, respecto do cal se aprobou o prego de prescricións técnicas en data de 21 de febreiro de 2011, invitándose a dúas empresas para a presentación de ofertas.

Comprobado en base a informe técnico de data 08 de abril de 2011 que a que presentou a oferta económica mais ventaxosa e a entidade Kifort S.L,

Vista a Comunicación, con data RE 30 de marzo de 2011 N° RE 1599, mediante a que se presenta a corrección ao padrón do alcantarillado dos anos 2006,2007 e 2008.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes acorda adxudicar o contrato de suministro de materiais de limpeza para o pabellón a empresa Kifort S.L



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

#### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

CONGALLE S.L., factura núm. 760/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Xuño 2010, por importe de 7.054,47 euros.

CONGALLE S.L., factura núm. 787/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Xullo 2010, por importe de 7.120,40 euros.

CONGALLE S.L., factura núm. 928/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Agosto 2010, por importe de 7.120,40 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.